

ESCORÉU, 24 DE DECEMBRO DE 1937

[Ramón Lluís Bande, 2017]

456

PASE ÚNICO EN NUMAX: 05.11.2018 | V.O.S.E.

Escoréu, 24 d'avientu de 1937 (2017, 67')

Dirección: Ramón Lluís Bande

Guión: Ramón Lluís Bande

Son: Ismael Tomás

Montaxe: Dani Álvarez

Fotografía: Juan A. García

Produtoras: De La Piedra Producciones

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Asturiano

***A sesión inclúe a proxección
da curtametraxe *Aún me
quedan balas para dibujar*
(Ramón Lluís Bande, 2017, 16')**

PREMIOS E FESTIVAIS

Xixón 2018 (Competición Rellumes),
DocumentaMadrid 2018

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El nome de los árboles, 2015

Equí y n'otru tiempu, 2014

Llar, 2014 [con Elisa Cepedal]

Sangre, 2010 [curtametraxe]

La carta de Bárbara, 2007

El Paisano. Un retrato colectivo, 2005

De la fuente, 2004 [curtametraxe]

Divina Luz, 2003

Estratexa, 2003 [curtametraxe]

El fulgor, 2002

SINOPSE

Tres testemuños de tres persoas
víctimas dos crimes franquistas da
Guerra Civil no lugar dos feitos, en
paralelo aos traballos de busca de foxas
comúns nos bosques asturianos.

«Bande encontra solucións
sinxelas e brillantes para
expresar a rabia e a dor
con honestidade»

Javier Rueda, CAIMÁN CUADERNOS
DE CINE

OS OLLOS VERDES 18/19

**OCINEMA INÉDITO
DE NUMAX**

Entrada gratuíta até completar aforo

CONCELLO DE
SANTIAGO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



Escoréu, 24 de decembro de 1937 (Ramón Lluís Bande)

Por Daniel Jiménez

Unhas flores secas colgan nun poste a piques de ser devorado polo bosque asturiano. Sons de motoserras perturban e rompen un silencio que devén tamén simbólico mentres que alguén arrasa coa maleza, deixando ao descuberto o xesto íntimo dun doloroso segredo que permaneceu oculto durante demasiados anos. Non hai placa nin ningún texto informativo que nos esclareza entre quen se establece esa intimidade case ritual na que só unhas flores marchitas nos lembran a alguén que xa non está. Dúas vítimas dunha ditadura que fixo todo o posible para que o seu recordo caía no esquecemento. E como eles, demasiados testemuños silenciosos que, desde as cunetas ao longo e ancho dun país que mirou cara a outro lado durante moitos anos, continúan lembrando un infame pasado ao que hai que volver para que as feridas que continúan abertas poidan cicatrizar definitivamente.

Así, o último traballo documental de Ramón Lluís Bande, como todo o seu cinema anterior, nace case desde un xesto de honesta visceralidade suxerido xa desde esas primeiras imaxes. A dilatada temporalidade do plano fixo onde operarios municipais rozan de maleza o lugar onde dous irmáns foron asasinados na Noiteboa asturiana de 1937, serve tamén para edificar a nada velada imaxe simbólica dese pasado cheo de sombras ao que hai que volver, dando luz, facendo visíbel o invisíbel, para rematar de render contas. Nese sentido, *Escoréu, 24 de decembro de 1937*, o título da película pero tamén o do lugar e a data que figura nunha lápida que nunca existiu, parece erixirse como a lóxica culminación dunha triloxía sobre a Memoria iniciada por *Equí e n'otru Tiempo* e seguida despois por *El Nome de los Árboles*.

Naqueles anteriores traballos, Bande penetraba nas entrañas da Asturias rural buscando revindicar a memoria dos fuxidos, milicianos republicanos que, rematada a Guerra Civil, se refuxiaron

no monte desde o cal levaban a cabo accións de resistencia, sendo finalmente represaliados polo Franquismo. E faino recorrendo a un austero e, en ocasións, frustrante traballo de arqueoloxía fílmica no que o relato oral, o espazo baleiro e os longos planos se erixen como o único vehículo posíbel co que manifestar e preservar a memoria deses desaparecidos milicianos cuxo recordo está ligado a un relato oral en vías de extinción. Un autoconsciente e meditado dispositivo audiovisual, por tanto, que foxe de calquera mecanismo de representación dramática ficcional, sorteando aqueles dilemas morais que expuñan cineastas como Jaques Rivette ou sobre os que se levantaban os monumentos fílmicos de Claude Lanzmann.

Pero se naquelas dúas películas a imaxe deses espazos bucólicos, testemuñas de crimes aínda por resolver, puñan de manifesto tamén unha imposibilidade (a incerteza e o descoñecemento do paradoiro de todos aqueles que desapareceron asasinados o monte), os camiños transitados en todas elas parecen confluír na exhumación final que ten lugar ao final de *Escoréu, 24 de decembro de 1937*. E coma naquelas, o relato oral deses testemuños de familiares e amigos que recoñecen case esquecer, entre os vaivéns e a espesura de decenas de reprimidos recordos apiñados ás veces difíciles de escudriñar, convértese na base que mantén viva a Memoria. Por esa mesma razón, o corpus fílmico do cinema de Ramón Lluís Bande constrúese tamén sobre esa certa idea da urxencia por preservar eses valiosos testemuños a piques de desaparecer, cuxas voces narran horrores e traxedias coa frialdade e distancia que só o tempo é capaz de esculpir. Unha verdadeira historia de pantasma que moran bosques e cunetas, esperando unha xustiza posposta ano tras ano que lles permita poder descansar en paz.

Publicado en www.cinemaldito.com
Tradución: Olalla Cocina

RAMÓN LLUÍS BANDE

Considerado como un dos principais autores da nova xeración de cineastas asturianos, destaca pola súa inquedanza creativa, que o levan a desenvolver unha intensa actividade en campos como o xornalismo, o teatro, a literatura ou a música. Ten dirixido proxectos para a Televisión do Principado de Asturias. A súa obra cinematográfica abrangue unha ducia de títulos, entre curtas e longametraxes, nos que adoita apostar por un rexistro documental.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta ademais co apoio do Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, o que permite o acceso **gratuíto até completar aforo** a todas as sesións e a posibilidade de acadar **1 crédito ECTS** para o estudiantado da USC que acoda a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realice un traballo á conclusión. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org